



2 de maio de 2012. A segunda fase do [“Proxecto de Creación dunha rede de Custodia fluvial nas bacías do Ulla Umia Lárez”](#) xa está en marcha. Este proxecto é unha iniciativa de ADEGA e está financiado con fondos LEADER polo FEADER, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o AGADER. A primeira fase estivo centrada na divulgación da custodia fluvial e na creación de grupos de voluntariado. Foron estes grupos, a maioría pertencentes á asociacións dos concellos do GDR20 (A Estrada, Caldas de Reis, Catoira, Cerdedo, Cuntis, Forcarei, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga) os que durante o 2011 saíron aos seus ríos para coñecelos e realizar accións de voluntariado e defensa ambiental.

Realizáronse diferentes actuacións ao longo do tempo nas que hai que destacar as inspeccións de río, as xuntanzas, charlas, encontros de voluntariado e tamén as limpezas de ríos realizadas por diferentes entidades de 8 destes 10 concellos.

Foron moitas as persoas interesadas que participaron nesta primeira fase, e son eles os promotores de iniciativas de custodia fluvial que están a xurdir agora. A custodia fluvial é unha ferramenta que permite velar pola conservación dos valores dos ríos. Este tipo de actuación fai partícipe a poboación local, sendo esta a protagonista da propia acción, alén de posibilitar a implicación e identificación co proxecto e empoderando as persoas e entidades participantes.

De todos os proxectos presentados, escolléronse tres (un por bacía) que se desenvolverán neste ano en diferentes ríos e regatos dos concellos de A Estrada, Cuntis e Forcarei.

